



Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar-Galiza)
www.vilasantar.com

ACTA Nº 2017/09
PLENO MÉRCORES 15 DE NOVIEMBRE DE 2017

ACTA Nº 2017/09

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
MÉRCORES 15 DE NOVIEMBRE DE 2017 -



ACTA Nº 2017/09

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JESUS GOMEZ GARCIA

JOSE DAVID PINTOR PAZO

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MÉRCORES 15 DE NOVEMBRO DE 2017 -

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 10:01 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Hai cinco cidadáns presentes en calidade de público, que ao longo da sesión pasan a ser sete.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

1. Escrito de data 25-10-2017 por RE 1706 presentado polos concelleiros José Antonio Cotos Seoane, Marta García Sánchez e Álvaro García Freire de modificación das ordenanzas do Imposto de bens inmóbeis.
2. Escrito de data 25-10-2017 por RE 1706 presentado polos concelleiros José Antonio Cotos Seoane, Marta García Sánchez e Álvaro García Freire de modificación das ordenanzas da taxa por abastecemento de auga.



1.- Escrito de data 25-10-2017 por RE 1706 presentado polos concelleiros José Antonio Cotos Seoane, Marta García Sánchez e Álvaro García Freire de modificación das ordenanzas do Imposto de bens inmóbeis. (00' 31")

Transcorrido 01'00" toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane, que empeza dando as grazas ao alcalde e a equipa de goberno por ter accedido a cambiar a hora de inicio da sesión pois el tiña unha reunión de traballo e non podería ter asistido.

A continuación dá lectura ao escrito de convocatoria do pleno extraordinario, que se achegará á presente acta como anexo I.

Transcorridos (07' 48") remata a lectura.

A continuación o mesmo concelleiro di que o seu grupo quere presentar unha emenda ao texto, que pasa a ler, sendo as ((08' 01")):

(engadir entre a documentación a presentar a seguinte):

-Acreditación da titularidade catastral do inmóbel.

-Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade social

A continuación toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández para indicarlles aos membros do BNG que poden pasar a defender propiamente a moción o cal pasa a facer o concelleiro do BNG Álvaro García Freire cos seguintes argumentos, en resume:

Considera que en Vilasantar estase a producir unha suba importante do imposto de Bens inmóbeis e que está fóra de lugar.

Transcorridos (09' 02") toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández quen inicialmente explica o proceso de convocatoria do pleno, incidindo que foi convocado o venres con tempo e o luns a primeira hora o portavoz do BNG solicita o



cambio de hora e accedín ao cambio malia que a dous dos concelleiros do meu grupo non lles viña ben. Vendo o cartaz do BNG convocando aos veciños fixeron un esforzo por estar aquí a esta hora, o que lles agradezo.

Sobre a moción do BNG di que debe ser a documentación que se mencionaba no informe de secretaría.

A continuación procede á lectura dun texto, dicindo en resume que o máis importante é o IBI de urbana, que representa, antes da regularización catastral, o 13,69 % do orzamento ordinario de ingresos deste concello, sendo o rústico o 2,66 %, o especial non representa nada. Coa regularización Urbana pasará a representar o 18% . A maioría dos concellos galegos e españois a porcentaxe é maior, entre o 25 e o 40 % . Coa regularización o rústico pasará a representar o 2,70 %.

Continúa dicindo que a lei marca un abano no IBI urbano de 0,4 % a 1,10%. Nós estamos no 0,5 %, relacionando unha serie de concellos que o teñen igual (Aranga, Arzúa, Boimorto...) algúns deles, di, gobernados polo BNG. Relaciona a seguir a algúns concellos que o teñen máis alto (Abegondo, Narón , Ordes...) algúns deles gobernados polo BNG e gandeiros como o nos (Mazaricos, Fene, San Sadurniño).

Continúa dicindo que o pleno deste concello aprobou hai dúas semanas unha bonificación deste imposto, que considera que é a bonificación máis completa a día de hoxe da provincia. A continuación describe as bonificacións aprobadas nese pleno.

Menciona tamén a bonificación a familias numerosas e a ampliación ao 50% no recibo do IVTM para vehículos eléctricos.

Continúa informando de como foi o proceso de regularización catastral que se iniciou cunha carta de catastro, RE 258 do 24-02-2015, onde informaban de como ía ser o proceso de regularización catastral 2013-2016 que ten o obxecto de incorporar ao catastro aqueles bens que non están inscritos ou o están de forma incorrecta ou incompleta. A obriga de facer que estes datos estean ben recollidos é do propietario. Esta regularización é a orixe desta suba, (bens non declarados ou declarados de forma incorrecta ou incompleta) e explica por que a moita xente (máis da metade) non lle medrou o recibo, porque estaban ben declarados, e pregunta, que lle parecerá a estes veciños que o os outros non pagasen?. No BOP 151 do 25-06-2015, publícase a



ACTA Nº 2017/09
PLENO MÉRCORES 15 DE NOVEMBRO DE 2017

resolución que inclúe a Vilasantar. Nós informamos mediante un bando e escritos e puxemos ao dispor dos veciños modelos de alegacións e dous técnicos para explicar as propostas para que puidesen alegar mellor, indicando que o importante non eran os 60,00 euros. De feito houbo moitas alegacións e moitas viñeron aprobadas e outras non. O 13 de maio de 2016, con RS 196, que achega, o concello de Vilasantar solicitamos a suspensión do proceso de regularización e solicitando que non se cobren os atrasos de catro anos. Le o escrito no que, entre outros aspectos, criticábase o proceso e a escaseza de medios empregados e de prazos, avísase sobre a importancia económica e solicítase a suspensión da taxa de 60,00 euros e devolución da mesma aos que xa ingresaran e suspensión do pago dos atrasos dos catro anos.

Continúa indicando que dos 1985 inmóbeis urbanos do concello, regularizáronse 887 e o tipo de omisión máis frecuente foi a de ampliacións (58,4%), nova construción (38,9%), reformas (5,56%) e outros menores. Na outra moción, do 23-05-2016 do BNG, que tamén amosa, solicitaban a baixa do tipo igual ao que prantexan hoxe unha bonificación, bastante máis pobre cá que se aprobou no último pleno. Nese pleno nós non apoiamos a baixada pero propuxéramos un acordo para a bonificación, que non foi aceptado pola portavoz daquela do BNG.

Insiste na importancia do IBI na economía dos concellos. En Vilasantar non hai empresas nin negocios e, por tanto, o seu único ingreso importante é o IBI. Por nós baixabámolo ao mínimo, claro, pero hai que gobernar con responsabilidade, e menciona o informe do secretario sobre a estabilidade e a regra do gasto.

Por último explica como se aplica o tipo sobre o valor catastral, poñendo un exemplo e por que se teñen que pagar os catro anos, aínda de eles están en contra dese pago, e explicando que se pode pagar a prazos. Aclara que nós subimos o IBI por mor do PEF, no 2013. Finalmente di que a bonificación xa está aprobada e critica que o BNG quere meter o 95% nas pensións agrarias. Neste momento prodúcese un breve debate sobre a repercusión que tería entre Álvaro García Freire (BNG) e Fernando Pérez Fernández (PP) e quen debería de calculalo

Transcorridos (37' 05") toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que acusa ao alcalde de confundir conceptos, que subir o tipo do 0,4 ao 0,5 é un punto, pero realmente é o 25% de suba en Urbana e que en Rústica a suba fora do 35% (no 2013).



Continúa indicando que cando o alcalde fala dos distintos tipos que hai noutros concellos, hai que considerar que se trata de concellos distintos con circunstancias distintas. En concreto fala de cando se fai a ponencia de valores, que en Vilasantar fíxose no ano 2005, cando os prezos estaban moi altos, cando outros a teñen dos anos 90

Continúa dicindo que cando eles o ano pasado e ese presentaron as mocións era porque sabían o que ía vir. Di que o alcalde dixera que daquela non podía baixar porque non sabías se ías cobrar eses cartos. A moción deste ano foi estudada en maio e a equipa de goberno tivo todo o ano para estudala, e preguntando por que non se aplicou a moción para baixar a rústica que presentara e aprobara o propio PP. Continúa dicindo que o concello está mal economicamente, non moi mal pero si está feito un desastre pola xestión do alcalde.

Finalmente pide que se baixen as porcentaxes ao que había, como están a pedir e que con iso non perderían, pois para iso meten a cláusula de que ninguén pagaría menos do que paga agora, o que produce un debate entre Álvaro García Freire (BNG) e Fernando Pérez Fernández (PP), quen lle pide que explique ben esa cláusula, mentres aquel lle pide que non o interrompa.

Continúa Álvaro García Freire afirmando que os importes están subindo moito e os que pagan son, maiormente, pensionistas que cobran pouco, e que considera que quen tiña que dar de alta as edificacións con permiso sería o concello (interrompendo o alcalde para dicir que ogallá que fose así e Álvaro contesta que hai un convenio da deputación con moitos concellos e pensa que tamén co de Vilasantar para que sexa así).

Continúa Álvaro García Freire dicindo que no capítulo 1 pasamos da época da anterior alcaldesa de 150.000,00 euros a sobre 300.000,00 agora. No capítulo 2 (onde está o lixo e demais) pasamos de 99.000,00 a 141.000,00. O alcalde interrompe para pedir ao secretario que queden en actas todos estes datos, porque opina que non son reais, contestando Álvaro García Freire que se baseou no orzamento deste ano e no Plan económico financeiro e no ano 2010. En conclusión Álvaro García Freire que todo se subiu, lixo, coches, IBI...

Sobre do informe do secretario di que fala de que se pode desestabilizar o concello, pero non di que tamén se poden facer recortes, depende de como se fagan os orzamentos.



ACTA Nº 2017/09
PLENO MÉRCORES 15 DE NOVEMBRO DE 2017

A continuación di que o goberno do estado, como entende que os valores catastrais están moi altos, dá a posibilidade de baixalos, indicando varios concellos que así o fixeron.

Finalmente pide que se adopte agora unha decisión equilibrada, e poñerlle un pequeno freo a toda esta subida.

Transcorridos (51' 15") toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández que volve a remarcar a importancia do IBI de urbana neste concello e que a regularización foi feita como se fixo, que estamos en contra dos catro anos e que cren que neste momento son suficientes as bonificacións aprobadas, sen tocar os tipos. Insiste en que nos aplicamos unha porcentaxe menor que calquera outro concello.

Considera que non comparto que o concello estea tan mal economicamente, en situación desastre e con mala xestión. Considera, sobre que o concello ten a obriga de dar de alta as construcións dos veciños que, se fora así, eu, como veciño ao que me fan pagar atrasos, métolle unha denuncia ao concello.

Sobre a suba da RRSU, está a 48,00 euros e os concellos, incluídos os da rotonda, están máis altos. No caso do IVTM, estamos na media ou cara abaixo. Houbo subas nos impostos, había que facelo, pero seguimos a ser os máis baixos da zona.

Con respecto á posibilidade de poder pedir a baixa dos valores catastrais, como dixo o concelleiro do BNG, deixo pendente a contestación, iniciándose un debate con Álvaro García Freire, quen di que se podía facer, preguntando o alcalde en que condicións, contestando este que depende do ano en que se realizou a ponencia de valores para aqueles concellos, coma o noso, que lles coincidira un ano en que estaban altos, e podía facer ata este ano. O alcalde di que se podía facer se o valor de mercado era menor, que non se podía baixar, senón solicitar a baixa, contestando Álvaro García Freire, que aprobaron todos. Continúa informando que para o ano 2018 foi Montoro quen decidiu baixalo en Vilasantar un 8%.

Finalmente o alcalde indica que non imos aprobar a proposta pois temos aprobadas bonificacións no pleno do 30 de outubro, cos razoamentos xa ditos.



Transcorridos (58' 55") sométese a votación a proposta incluída no escrito do BNG relativa os Imposto de Bens Inmóbeis, a cal resulta rexeitada por 6 votos en contra (PP) e tres a favor (BNG).

Rematada a votación o alcalde resalta que a bonificación aprobada no pleno anterior tampouco tivo os votos favorábeis da oposición, producíndose unha discusión entre o alcalde e o alcalde do BNG.

A continuación unha persoa do público fai unha pregunta sobre o tipo que se aplica aos atrasos, que é respondida polo alcalde

2. Escrito de data 25-10-2017 por RE 1706 presentado polos concelleiros José Antonio Cotos Seoane, Marta García Sánchez e Álvaro García Freire de modificación das ordenanzas da taxa por abastecemento de auga. (01h 01' 30")

O alcalde dálle a palabra ao portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, quen explica que os recibos da taxa da auga estanse a cobrar aplicando a tarifa máis alta, en relación ao consumo, sobre o total do consumido e non cada tarifa a cadanseu tramo, como entende que debería de ser (se unha persoa gasta 41.000 litros cóbraselle todo a 0,55 e debíasele cobrar polos primeiros 20 mil a 2,52, e a partir de aí, de 20 mil a 40 mil a 0,35 e dende 41 mil a 0,55. Sen contar o canon, claro). Engade que xa se ten falado disto varias veces. Considera que hai moitas ordenanzas redactadas de forma semellante a esta e aplícase esta lectura e deste xeito pagan menos ca nós.

Transcorridos (01h 01' 30") toma a palabra o alcalde Fernando Pérez Fernández quen pregunta que concellos pagan menos ca nós, ao que contesta José A. Cotos Seoane que non llo vai dicir el (discusión). Intervén o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que ten recibos do mes de marzo de Marta (concelleira) e en Boimorto pagaría 13,20, 20,50 en Mesía e 16,23 en Aranga. O recibo é de 41 m³ e paga 24,95 (sen o canon). Pon algún exemplo máis e conclúe que o lóxico é cobrar por tramos, non polo último como se interpreta aquí. E se é un problema de redacción (que opina é semellante á de outros concellos) o lóxico é cambiar a redacción, que é o que propomos nós.

Transcorridos (01h 07' 05") retoma a palabra o alcalde Fernando Pérez Fernández quen indica que esta ordenanza foi establecida polo anterior equipo de goberno, do BNG, e



cando nós chegamos xa se estaba interpretando así, segundo me confirmaron na oficina. Nós seguimos a cobrar igual. Considera que a ordenanza está mal redactada, é moi pobre. Unha voz do público interrompe momentaneamente e o alcalde segue dicindo que o punto principal da ordenanza é a cota tributaria que, como se ve, está mal redactada e fixa unha cantidade de só 45 euros para a acometida a rede xeral. A equipa de goberno debe dicir, continúa, que debería de haber diferencias segundo o tipo de uso (vivenda, explotación gandeira, industria). Habería que prever os traballos de enganche, dereitos de acometida, subministro e instalación de contador. É por riba unha normas de xestión. É a nosa responsabilidade, pero ata agora estabamos aplicando a ordenanza do BNG, criticando especialmente o enganche a 45 euros.

Interrompe unha persoa (identificada como a ex-alcaldesa Manuela García Freire) dende o público e o alcalde dille que se quere falar que o faga fóra, iniciándose unha discusión sobre se pode falar ou non, acusándoa o alcalde de que realiza unha actividade provocadora para alterar a orde do pleno. Intervén Álvaro García Freire e o alcalde di que é o alcalde, que está no uso da palabra e que se lle deixe continuar, por favor.

Continúa o alcalde dicindo que traeremos unha ordenanza que se vai a aplicar salvo aos veciños de San Vicenzo, para non discriminalos en materia de enganche (cobraríaselles durante un tempo o enganche como na ordenanza actual, a 45 euros).

A continuación dá uns datos, en xaneiro-febreiro, 547 usuarios, ata 20 m³ 446 usuarios, entre 20 e 40 m³ 39 usuarios, e máis de 40 m³ 44 usuarios e 18 usuarios cobraron a máxima. A continuación dá os datos de marzo-abril, maio-xuño e xullo-agosto, xa no verán. Neste meses de verán os usuarios totais foron 555 usuarios, 376 están ata 20 m³, na seguinte 60 usuarios, máis de 40 m³ 70 usuarios e na máxima, 49 usuarios.

A continuación fala da seca que estamos a padecer e vese un aumento de enganches e de consumo, por fallos nos pozos das casas, as necesidades das explotacións gandeiras. Por agora estamos falando cos veciños para que reduzan o consumo.

Considera que a redacción e interpretación actual non é moi lesiva para os veciños á vista dos datos anteriores.

Explica a continuación o cobro do canon da Xunta de Galiza, que está na páxina web do concello.

Interrompe unha persoa do público establecéndose un pequeno diálogo co alcalde.



ACTA Nº 2017/09
PLENO MÉRCORES 15 DE NOVIEMBRE DE 2017

O alcalde di que eles van propoñer que se cobre cada tres meses, pois reduciríamos os gastos de xestión. A continuación dá uns datos a partir das recomendacións da Unesco, calculando unha familia de 3 membros e dous meses en algo menos de 10 m³, sendo a media en España e en Galicia de case o triplo, uns 29 m³, lonxe dos 40 m³. Consideramos por tanto que hai que ter máis tino coa auga. Os tramos da ordenanza si eran lóxicos. A continuación fala dos moitos gastos de mantemento.

Finalmente considera que a ordenanza hai que cambiala de vez, coxea moito e imos cambiala.

Transcorridos (01h 24' 20") toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire quen considera que esta ordenanza non é moi diferente a outras, cuns criterios semellantes e é certo que foi aprobada por nós e non nos demos conta daquela que se estaba a cobrar mal. O único que pedimos agora é que se corrixa o que pensamos é un erro de interpretación, que os bloques se cobren cada un no seu tramo, por iso propomos esta redacción para que non poida haber equívocos.

Finalmente intervén o alcalde fixando os termos da votación, procedéndose á mesma, sendo aprobada a proposta do BNG por unanimidade.

Sendo as 13h e 28 minutos e transcorridos 1h 27' 25" dende o inicio e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, xoves 24 de novembro de 2017
O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela
Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández